

O TRABALLO DAS ONGD GALEGAS NO MUNDO.

A SORORIDADE ENTRE MULLERES



— informe
2022

COORDINADORA GALEGA DE ONGD



COORDINADORA
GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento

RECOLLIDA DE DATOS Emapic - Coordinadora Galega de ONGD

REDACCIÓN E EDICIÓN Wayna Consultora

MAQUETACIÓN E DISEÑO conxenia.gal

FINANCIA Dirección Xeral de Relación Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia



The background image shows three women in traditional Peruvian attire, including colorful shawls and blouses. They are all wearing light blue surgical face masks. The woman in the center is gesturing with her hands as if speaking or presenting. The image has a warm, yellowish tint. A white horizontal line with a dot on the left is positioned above the title.

PRESENTACIÓN

01

Este estudo ten por obxectivo achegar unha fotografía das ONG de Desenvolvemento (ONGD) que forman parte da Coordinadora Galega de ONGD. *A Coordinadora Galega de ONGD somos unha plataforma que aglutina actualmente 43 organizacións e que cumprimos en 2021 tres décadas de traballo en prol dun mundo máis xusto.*

Tras a realización dun primeiro informe sobre o traballo das ONG de Desenvolvemento (ONGD) galegas en 2018, o obxecto deste estudo é achegar unha visión actualizada de quen son e como traballan as organizacións que conforman a Coordinadora Galega de ONGD. As liñas de acción prioritarias destas entidades son catro: a cooperación ao desenvolvemento¹, a acción humanitaria², a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global (EDCG)³ e a acción social⁴.

Para a elaboración deste informe contouse coa colaboración de 35 ONGD⁵ (o 81 % das socias da Coordinadora) que proporcionaron os datos de cada entidade durante os anos 2020 e 2021 para poder presentar a realidade global en diversos eidos: desde a organización interna (con información sobre a súa base social ou o persoal contratado) ata os proxectos no exterior que estiveron en marcha no 2020 e a información sobre os fondos recibidos⁶. Cabe subliñar que neste estudo non se recollen as iniciativas ou proxectos que realizaron no eido da EDCG nin da acción social, orientándose á análise das actuacións aos proxectos executados no exterior.

Ademais, unha das prioridades deste informe é analizar o esforzo das ONGD galegas na loita contra as desigualdades de xénero e a erradicación das violencias machistas a nivel global. Sendo conscientes de que 7 de cada 10 persoas que viven en situación de extrema pobreza son mulleres, de que 1 de cada 3 mulleres no mundo sufriu algún tipo de violencia machista durante a súa vida e de que, a pesar de realizar a gran maioría do traballo a nivel mundial, tan só reciben o 10 % dos ingresos; traballar a prol dun mundo máis xusto para as mulleres é unha obriga do sector da cooperación.

.....
1. Conxunto de accións que realizan gobernos e os seus organismos administrativos, así como entidades da sociedade civil dun determinado país ou conxunto de países, orientadas a mellorar as condicións de vida e impulsar procesos de desenvolvemento en países en situación de vulnerabilidade social, económica e/ou política.

Preme aquí >

2. Conxunto de accións de axuda ás vítimas de desastres producidos por catástrofes naturais ou por conflitos armados orientadas a aliviar o seu sufrimento, garantir a súa subsistencia, protexer os seus dereitos fundamentais e defender a súa dignidade. Tamén, frear o proceso de desestruturación socioeconómica da comunidade e preparala ante desastres naturais.

Preme aquí >

3. A educación para a cidadanía global forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes retos do século XXI. Os seus contidos identifícanse co tratamento global das desigualdades e a posta en valor da diversidade, e están orientados a diferentes públicos e a persoas de todas as idades, sexos e culturas. Lévese a cabo en todos os ámbitos da educación (formal, informal, non formal), tanto en centros educativos regrados (escolas, institutos e universidades) como en espazos de lecer e tempo libre, lugares de traballo, o ámbito familiar, en tecidos asociativos e mesmo nos medios de comunicación.

Preme aquí >

4. Conxunto de intervencións con persoas en situación de vulnerabilidade en Galicia.

5. Na última páxina recóllese a listaxe de todas as ONGD que colaboraron na elaboración deste informe.

6. A recollida de datos foi posible grazas á colaboración de CartoLAB, laboratorio da Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. O CartoLab desenvolveu a ferramenta de xeolocalización de información EMAPIC, sendo a través desta canle como as ONGD proporcionaron os datos presentados neste informe. Ademais, neste mapa pódese acceder á representación dos resultados.

As ONGD galegas levan anos asumindo esta responsabilidade social e para conseguilo traballan con colectivos feministas, asociacións de mulleres e organizacións sociais⁷ dos países empobrecidos co obxectivo de contribuír a garantir o cumprimento dos DDHH e de promover sociedades xustas e igualitarias. En 2020, o 63 % da poboación beneficiaria dos proxectos executados polas entidades membro da CGONGD foron mulleres e a metade dos proxectos orientaron de xeito directo algunha das súas accións á mellora da calidade de vida das mulleres. Ademais, as ONGD galegas contan cunha alta presenza de mulleres na súa estrutura, representando o 62 % das persoas socias, o 70 % do voluntariado e o 71 % do persoal contratado. Tendo en conta todo isto, **o presente informe pon de manifesto que o traballo das ONGD galegas nace do impulso da sororidade entre mulleres diversas para construír un mundo máis xusto para todas.**

Por último, cómpre subliñar que este informe se elaborou durante un contexto especialmente complexo como consecuencia da crise sanitaria vivida pola covid-19 desde marzo de 2020. Como se explica no estudo, as restricións e as consecuencias desta pandemia na sociedade global influíron notablemente no labor das ONGD galegas, tanto en relación á organización interna do traballo como á adaptación ou modificación dalgunha das intervencións para dar resposta á nova realidade xurdida tras a covid-19.

7. Como, por exemplo, con Mujeres Creando en Bolivia, con Mouvement Dynamique Femme de Joal Fadiouth (MDF) en Senegal ou con Mujeres en Desarrollo Dominicana – MUDE na República Dominicana.



PRINCIPAIS DATOS

02

RESUMO DE DATOS PRINCIPAIS

- En 2020, as ONGD galegas contribuíron a mellorar as condicións de vida de **376.365 persoas** (o 63 % delas, mulleres) de **22 países**, principalmente en Centroamérica (sendo os países con maior presenza Guatemala e República Dominicana).
- Nese ano estaban en marcha **68 proxectos no exterior**, cun orzamento total de **10,2 millóns de euros**, orientados a garantir o acceso a dereitos básicos como a saúde (o 32 %) e a educación (o 30 %), así como a fortalecer a defensa dos dereitos humanos (o 29 %).
- Durante o 2020 as ONGD galegas reforzaron a súa actividade en **acción humanitaria**. Esta liña de acción, que no informe anterior, de 2018, ocupaba a décima posición en canto aos esforzos investidos polas organizacións, pasa ata a quinta. Desenvolvéronse un total de 8 proxectos nesta área, 6 dos cales estiveron directamente orientados a paliar **os efectos da covid-19** en países empobrecidos e que beneficiaron a preto de **80.000 persoas**.
- No 2021, máis de **25.000 persoas colaboraron coas ONGD**, entre persoas socias e voluntarias.
- Destaca a **maior implicación das mulleres** no funcionamento das organizacións ao representar **o 62 % das persoas socias**, o **70 % do voluntariado** e o **71 % do persoal contratado**. Ademais, o 64 % dos postos de coordinación e dirección técnica das equipas están ocupados por mulleres. Con todo, percíbese unha **fenda de xénero** importante nos postos de máxima representación nas equipas directivas ao representar as mulleres tan só o 54 %.
- **O 83 % das ONGD** analizadas contan con **persoal contratado en Galicia**, maioritariamente vinculado ás áreas de cooperación ao desenvolvemento e de acción social.
- Case **9 de cada 10 ONGD** con sede en Galicia se sitúan nas provincias da **Coruña** e de **Pontevedra** (e o 78 % destas están nas cidades de Compostela, A Coruña, Vigo e Pontevedra).
- No 2020, as ONGD galegas ingresaron un total de **14,3 millóns de euros**, os cales proceden case a partes iguais de canles públicas e privadas. O 60 % destes fondos estaban orientados ao traballo en países empobrecidos, unha das nosas liñas principais de traballo como ONG de desenvolvemento, mentres o 40 % restante se dedicou ao traballo en Galicia a través da acción social e da educación para a cidadanía global. Con estes datos, 6 de cada 10 organizacións dependeron en maior medida dos fondos públicos, fronte a 4 de cada 10 que o fixeron dos fondos privados.



DIRECTORIO GENERAL		
PRIMER PISO 1	SEGUNDO PISO 2	TERCER PISO 3
● Información ● Administración ● Sala de Espera ● Emergencia ● Internamientos Hospitalización ● Neumología ● Unidad Cuidados Intensivos - UCI ● Patología Forense ● Internamientos Cardiología ● Consultas Externas e Imágenes ● Bloque Quirúrgico ● Área de Seguridad ● Área de Cocina / Comedor ● SENASA ● Junta Central Electoral	● Información ● Sala de Espera ● Dirección General ● Recursos Humanos ● Data y Computos ● Internamientos Hospitalización ● Bloque Quirúrgico ● Residencia Médica ● Cafetería ● Consultas	● Información ● Internamientos Hospitalización ● Bloque Quirúrgico ● Pre Parto ● Sala de Partos ● Post Parto

QUEN SOMOS?

03


Foto: ACP

A Coordinadora Galega de ONGD é unha plataforma plural e heteroxénea. As súas entidades socias, e protagonistas deste informe, son ONGD moi diversas entre si. ONGD propiamente galegas, nadas e asentadas en Galicia como AGARESO ou Ecos do Sur (a metade das nosas ONGD socias naceron en Galicia). Tamén ONGD que teñen delegacións en moitas comunidades do Estado, como Entreculturas ou Farmamundi; ou ONGD internacionais con sedes non só no Estado español senón tamén en moitos outros países, como Oxfam Intermón ou Médicos do Mundo.

As nosas entidades socias tamén son diversas entre si pola súa especialidade: hai entidades que concentran a maior parte do seu traballo nun único país, como Vicente Ferrer ou Semilla por el Cambio, ou entidades que teñen no seu carácter a especialización técnica, como pode ser Enxeñería Sen Fronteiras ou Arquitectura sen Fronteiras. A pluralidade esténdese tamén á súa forma de traballar para defender e garantir os dereitos humanos; cada unha ten misións e visións distintas, pero úneas un obxectivo común: a loita pola xustiza social a nivel global.

En 2021 as ONGD analizadas contan con **51 sedes repartidas polo conxunto do territorio galego**. Ao igual que acontece coa poboación de Galicia, o Eixe Atlántico concentra a maioría das sedes co **86 % delas situadas nas provincias da Coruña e Pontevedra**, e o 78 % delas nas cidades de Compostela, A Coruña, Vigo e Pontevedra.

SEDES DAS ONGD GALEGAS



ONDE E EN QUE SECTORES TRABALLAMOS

04

Como se mencionou anteriormente, as ONGD galegas traballan en diversos ámbitos, sendo un dos principais o da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria. En 2020, 6 de cada 10 euros recadados de fondos públicos orientáronse ao traballo nestas áreas en países empobrecidos. Do total de organizacións analizadas, o 69 % desenvolveron proxectos en terreo (24 entidades)⁸, sumando un total de **68 proxectos en 22 países de América Latina, África e Asia**. Con todas estas intervencións contribuíuse á mellora da calidade de vida de **376.365 persoas**, das cales o **63 % foron mulleres**.

O custo total destinado á execución destes proxectos foi de **10.165.675 euros** pero isto non significa que o orzamento total executado en 2020 fose esta cifra. Moitos deses 68 proxectos execútanse de xeito bianual, é dicir, algúns proxectos comezaron a executarse en 2019 e outros continuaron no 2021. Polo tanto, os case 10,2 millóns de euros son o orzamento total das intervencións en marcha no 2020. **En comparanza co anterior informe de 2018, ano no que o orzamento ascendía aos 6,1 millóns, a tendencia é á alza (aumento do 67 %)**. Segundo o volume de recursos para proxectos no exterior, en 2020 destacaron dúas ONGD por superar o millón de euros: Asemblea de Cooperación pola Paz e Arquitectura Sen Fronteiras. A estas séguenlles Médicos do Mundo, Mans Unidas e Solidariedade Internacional de Galicia⁹.

A continuación preséntanse os datos fundamentais dos 68 proxectos analizados. Non obstante, pinchando neste [enlace](#) pódese acceder a un mapa¹⁰ interactivo coa información detallada sobre cada un dos proxectos, así como sobre as ONGD galegas participantes neste informe. No mapa poden agruparse os proxectos por proximidade entre eles, por países ou por rexións; identificar individualmente os datos dun proxecto, e facer buscas para localizar por países e rexións os proxectos existentes.

ZONAS XEOGRÁFICAS

A rexión de Centroamérica e o Caribe foi a de maior presenza de proxectos das ONGD galegas: o 75 % das organizacións con proxectos no exterior traballaron nestes países, 5 de cada 10 proxectos executáronse nesta rexión e destinouse un total de 6,6 millóns de euros. **A rexión de América do Sur é a segunda** de maior peso cun 19 % dos fondos, **seguíndolle o continente africano** (cun 8 %) **e o asiático** (cun 6 %). Por último, en 2020 destinouse un 1 % do orzamento total á rexión do Medio Oriente. En concreto, Médicos do Mundo traballou en Palestina co obxectivo de contribuír á mellora dos servizos de saúde sexual e reprodutiva na Gobernación de Xericó.

8. As 11 ONGD restantes ou ben non acadaron fondos para desenvolver proxectos no exterior ou ben decidiron centrar o seu esforzo nas liñas de acción social e educación para a cidadanía global en Galicia.


9. Foron proxectos no exterior que ademais de executarse en dúas anualidades, ben en 2019 e 2020 ou ben en 2020 e 2021, nalgúns casos tamén foron executados en consorcio con outras ONGD. É o caso, por exemplo, de Asemblea de Cooperación pola Paz xunto a AGARESO, de Arquitectura sen Fronteiras xunto a PROYDE ou de Solidariedade Internacional de Galicia xunto a Sólida e Solidariedade Galega.

10. Este mapa interactivo foi creado grazas a EMAPIC, un servizo web de xeolocalización de información desenvolvido polo laboratorio CartoLab da Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. O CartoLab está especializado no desenvolvemento tecnolóxico en código aberto para a creación, análise e xestión de mapas e cartografía colaborativa.


Esta distribución xeográfica garda unha estreita relación coa experiencia histórica das organizacións galegas en América Latina, contando actualmente cunha importante especialización nesas rexións o que é, sen dúbidas, unha das fortalezas do sector. Esta focalización está influída, de xeito máis xeral, polas orixes da cooperación no conxunto do Estado, xa que tradicionalmente se comezou a traballar nese continente debido aos vínculos culturais existentes.

Ademais, é importante subliñar que os vínculos culturais son os que fan que varias ONGD galegas desenvolvan os seus proxectos nos países africanos de fala portuguesa. Esta colaboración no ámbito lusófono considérase un dos valores diferenciais da cooperación galega. Así, por exemplo, a ONGD AIDA tivo presenza activa en Guinea-Bissau, e Médicos do Mundo en Mozambique.

ZONAS XEOGRÁFICAS E NÚMERO DE PROXECTOS




ZONAS XEOGRÁFICAS E FONDOS EXECUTADOS



En comparanza cos datos do anterior informe de 2018 obsérvase unha tendencia ao aumento da concentración da axuda en América Latina (sobre todo en América do Sur) fronte a unha diminución da presenza en África. Así, en 2017 foran executados en América Latina 5 de cada 10 proxectos das ONGD galegas (representando un 76 % dos fondos totais), mentres que en 2020 foron case 7 de cada 10 proxectos (acadando o 84 % dos recursos). Con todo, en 2020 un 40 % das ONGD analizadas tiveron presenza en África, executando un 8 % do orzamento total. Algunhas das entidades que traballan neste continente son Fundación SEMG Solidaria, Fundación Entreculturas, Fundación Balms, Ecodesarrollo Gaia ou Fundación Cume.

VARIACIÓN PORCENTUAL DE FONDOS EXECUTADOS POR ZONAS XEOGRÁFICAS, 2017-2020



PAÍSES

De xeito máis concreto, os **países con maior presenza das ONGD analizadas foron Guatemala**, onde se executaron 12 dos 68 proxectos, e **República Dominicana**, con 9 (entre ambos os países captaron o 30 % das intervencións en terreo). De feito, 6 de cada 10 das ONGD analizadas traballaron nalgún destes dous países, como por exemplo Fundación EDUCO, Fundación InteRed, Fundación Taller de Solidaridad ou a Fundación Concordia y Libertad.

Ademais, en **Guatemala** executouse o 22 % do orzamento total, seguido de **República Dominicana** co 15 %, **Nicaragua** co 11 % e **Perú** e **Honduras** co 10 % cada un. A estes cinco países destinouse o 67 % dos recursos económicos globais.


Segundo países de intervención, hai ONGD con presenza nun número amplo de países como Solidariedade Internacional de Galicia (que, en 2020, traballou en Guatemala, O Salvador, Bolivia e Honduras) ou Fundación Cume (Camerún, Venezuela, República Dominicana e Perú), mentres outras entidades apostan pola especialización e concentración da axuda nun único territorio, como é o caso de Semilla para o Cambio (cos seus 5 proxectos executados na India) e Enxeñería Sen Fronteiras (con 3 proxectos en Honduras).

Analizando os países segundo o seu IDH¹¹ o 27 % dos países nos que traballaron as ONGD situábanse no IDH baixo (recibindo o 6 % do orzamento total). Concretamente foron 6 países africanos, nos que hai proxectos de entidades como Fundación Entreculturas, Fundación Balmes, Ecodesarrollo GAIA ou Arquitectura Sen Fronteiras: Guinea-Bissau, Malawi, Mozambique, República Democrática do Congo, Senegal e Serra Leoa.

Ao clasificar os 22 países nos que traballaron as ONGD galegas segundo os fondos que reciben, obsérvase que os 7 primeiros están recollidos como país prioritario no IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021). Isto pode estar relacionado, como se explicará posteriormente, co fortalecemento do peso da Xunta de Galicia como principal financeira pública das ONGD galegas. Os fondos obtidos polas organizacións desta administración pasaron dos 2,3 millóns de euros no 2016 aos 5 millóns no 2020.

A continuación, un mapa ofrece información dos proxectos executados en 2020 polas ONGD galegas. Por cada país, indícase o número de intervencións, o de persoas beneficiarias e o orzamento total dos proxectos. Tamén, as ONGD responsables das iniciativas que, nalgúns casos, traballaron agrupadas en consorcio con outras entidades co obxectivo de poñer ao servizo dos proxectos a especialización e experiencia de cada unha. Esta fórmula de traballo constitúe un elemento importante da cooperación galega e, en 2020, **ata un 25 % dos proxectos analizados neste informe foron consorcios entre ONGD ou entre universidades e ONGD.**

.....
11. O índice de desenvolvemento humano (IDH) é un indicador elaborado polas Nacións Unidas empregado para clasificar os países segundo o seu nivel de desenvolvemento humano en función de varias variables relacionadas coa esperanza de vida, a educación ou o ingreso económico. O IDH establece ata catro categorías de desenvolvemento: baixo, medio, alto e moi alto.



68
proxectos

22
países

376.365
persoas beneficiarias (63% mulleres; 36% homes)


10.165.675 €
orçamento

PRINCIPAIS SECTORES DE TRABALLO

Os tres sectores principais de actuación dos 68 proxectos son o fomento do acceso a servizos básicos como a saúde e a educación e mais a defensa dos dereitos humanos da poboación destinataria. Así mesmo, entre os dez sectores maioritarios nos que traballaron as ONGD atópanse a promoción do exercicio doutros dereitos sociais básicos por parte das persoas beneficiarias (como o da saúde sexual e reprodutiva ou o acceso a auga e saneamento), a promoción de accións de apoio ás iniciativas agrícolas e pesqueiras ou o fortalecemento institucional e da sociedade civil dos países nos que se traballou.

Ao longo de máis de tres décadas de traballo as ONGD foron capaces de desenvolver capacidades propias derivadas do noso carácter galego. Mostra diso é o traballo nos países lusófonos, anteriormente citado, pero tamén o son neste caso **a nosa especialización sectorial en eidos como a agricultura, o desenvolvemento rural, a pesca e a acuicultura.**

PRINCIPAIS SECTORES DE TRABALLO DOS PROXECTOS



É preciso subliñar que a maior variación na clasificación, en comparanza co Informe O traballo das ONGD galegas no mundo de 2018, é **o aumento das intervencións en materia de acción humanitaria e axuda de emerxencia.** Deste modo, esta liña situábase na décima posición


no 2018, e actualmente ascende ata a quinta cun 13 % de proxectos orientados a dar resposta ás crises humanitarias. En concreto, contouse con 8 proxectos neste eido, 6 dos cales estaban fortemente vinculados coa abordaxe das consecuencias da covid-19 en países como República Dominicana (da man de Asemblea de Cooperación pola Paz e OXFAM Intermón), India (con Semilla para el Cambio), Perú (con Fundación CUME) ou Quenia (con Farmacéuticos Mundi).

Estes datos amosan a importancia das ONGD na loita contra os problemas globais, como é a pandemia sanitaria, apostando por eliminar as fendas de desigualdade que existen na xestión destas crises entre os países empobrecidos e enriquecidos. As ONGD galegas reforzaron (ou reaxustaron) a súa capacidade e esforzo para apoiar as poboacións máis vulnerables durante a emerxencia sanitaria a través, por exemplo, do fortalecemento dos sistemas sanitarios ou da axuda alimentaria de emerxencia.

POBOACIÓN DESTINATARIA

A través dos 68 proxectos executados no 2020 **logrouse contribuír á mellora da calidade de vida de preto de 400.000 persoas.** Concretamente, a poboación destinataria e beneficiaria do total de proxectos das ONGD galegas foron 376 365 persoas, a **maioría mulleres¹² (63 %).**

POBOACIÓN TOTAL DESTINATARIA DOS PROXECTOS




Moitas das intervencións caracterízanse por traballar con diferentes tipos de perfís de poboación, destacando o feito de que **1 de cada 2 proxectos se orientou de xeito directo ás mulleres.**

12. Do total de persoas beneficiarias, implicadas directamente durante a execución dos proxectos, o 63 % son mulleres. Mentres, o 52 % é a porcentaxe de proxectos nos que o perfil maioritario da poboación participante son mulleres, é dicir, dos 68 analizados hai 35 que dirixen algunha das súas liñas de acción de xeito específico a traballar con mulleres.

A continuación séguenlle os proxectos dirixidos **á poboación rural (43 %)**, **á infancia (35 %) e ás familias (35 %)**. Cabe subliñar tamén que 3 de cada 10 proxectos estaban destinados, nalgún dos seus compoñentes, a traballar coa poboación no seu conxunto.

ORIENTACIÓN DOS PROXECTOS SEGUNDO O PERFIL POBOACIONAL PRIORITARIO



En comparación cos datos de 2018 resulta importante **remarcar o forte incremento dos proxectos enfocados de xeito específico ás mulleres**, pasando de ser o cuarto na clasificación dos máis prioritarios ao primeiro en 2020 (aumento de 20 puntos porcentuais). Isto pon de manifesto o **compromiso das ONGD galegas coa promoción da igualdade real de mulleres e homes, introducindo de xeito transversal o enfoque de xénero e, ademais, implementando accións específicas para elas**. Algunhas das organizacións que traballaron neste eido son Solidariedade Internacional de Galicia en Bolivia, Fundación Entreculturas en México, Fundación Concordia y Libertad na República Dominicana, Fundación EDUCO en Bangladesh, ONGD AIDA en Guinea-Bissau, Fundación Interred en Guatemala ou Amigos da Terra en Honduras.



XÉNERO NO TRABALLO DAS ONGD

O 63 % da poboación beneficiaria do total de proxectos son mulleres.

Segundo o perfil da poboación coa que se traballa, **1 de cada 2 proxectos orientouse de xeito directo ás mulleres**. É dicir, 35 dos 68 proxectos analizados apuntan de xeito específico á mellora da condición de vida das mulleres dos países empobrecidos.

Percíbese **un aumento paulatino das intervencións orientadas á promoción dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres**, traballando no sector da mellora da saúde sexual o 17 % dos proxectos no exterior (como fai, por exemplo, Médicos do Mundo en Serra Leoa, Bolivia ou Palestina).

Ademais, as ONGD galegas loitan contra as discriminacións de xénero desde diferentes dimensións, como por exemplo a mellora dos ingresos económicos das mulleres marisqueiras de Honduras (da man de Enxeñería Sen Fronteiras), o fortalecemento das capacidades das mulleres guatemaltecas para enfrontar as violencias machistas (en colaboración coa Fundación InteRed), a promoción da soberanía alimentaria das mulleres de Guinea-Bissau (xunto con AIDA) ou o fortalecemento dos sistemas públicos de atención integral e promoción dos DDHH e dos dereitos das mulleres dominicana (xunto á Asemblea de Cooperación pola Paz).

A photograph of a woman with glasses and a white shirt smiling and talking to a young child. The child is holding a white string. The background is a wooden wall. The entire image is overlaid with a semi-transparent red filter.

BASE SOCIAL


05

A implicación da cidadanía nas ONGD é un pilar fundamental para o desempeño do seu traballo, sendo un dos seus obxectivos o fortalecemento da súa base social. En 2021 houbo **25.654 persoas que colaboraron de xeito directo con algunha das organizacións en Galicia (entre persoas traballadoras, socias e voluntarias).**

PERSOAS SOCIAS

Nove de cada dez ONGD analizadas contan coa figura de persoas asociadas, aquelas que apoian economicamente as entidades para o desempeño da súa labor, **acadando en 2021 unha base social de 23 939 persoas (62 % mulleres).**


PERSOAS SOCIAS NAS ONGD GALEGAS



Como media, as ONGD galegas que participan neste informe contan con 772 persoas socias. Non obstante, ao agrupalas por tramos segundo o tamaño da súa base social obtense unha imaxe máis real da distribución de socias e socios. **Case a metade das organizacións analizadas que contan con base social teñen entre 51 e 250 persoas socias:** o 29 % teñen entre 51 e 100 persoas e o 19 % entre 101 e 250. Neste rango atópanse tanto organizacións galegas como a ONGD Mi Perú, Asociación SÓLIDA ou Solidariedade Galega como entidades con presenza a nivel estatal como a ONG SED, Terra de Homes ou a Asociación PROYDE. Un 13 % conta con menos de 50 persoas socias e outro 13 % con entre 251 e 500 como, por exemplo, a Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María con preto de 500 persoas socias. Por último, 2 de cada 10 ONGD teñen no 2021 máis de 1000 socias e socios. Estas caracterízanse por ser entidades grandes con presenza a nivel estatal e incluso internacional (o que lles permite potenciar

a súa estratexia para ampliar o número de persoas socias), como a Fundación Vivente Ferrer, Mans Unidas, Axuda en Acción ou Oxfam Intermón. Con todo, tamén hai organizacións galegas que están logrando implicar a cidadanía dun xeito efectivo, como por exemplo Solidariedade Internacional de Galicia, que en 2021 contaba con 764 persoas socias, colocándose no sétimo posto en canto ao tamaño da base social.


TAMAÑO DAS ONGD GALEGAS SEGUNDO A BASE SOCIAL



VOLUNTARIADO


Contar cun voluntariado activo e comprometido é unha condición necesaria para o desempeño do labor das organizacións de cooperación ao desenvolvemento. En 2021, **1.579 persoas** axudaron no funcionamento cotián das ONGD en Galicia, contribuíndo de xeito directo á transformación social local e global. Igual ca nas persoas socias, **as mulleres tamén son maioría entre os equipos de voluntariado (7 de cada 10 persoas voluntarias son mulleres).**

VOLUNTARIADO NAS ONGD GALEGAS



Cabe subliñar que en practicamente todas as ONGD existe voluntariado (en 34 das 35 analizadas), podendo situar a cifra media en 46 persoas voluntarias. Con todo, percíbense diferenzas significativas entre elas, **sendo o tamaño maioritario dos equipos de voluntariado dun máximo de 10 persoas, seguido do rango de 11 a 25.** Así, a metade das ONGD galegas contan con menos de 26 voluntarias e voluntarios.

TAMAÑO DAS ONGD GALEGAS SEGUNDO O VOLUNTARIADO



Igual que acontece coa análise das persoas socias, son as ONGD estatais (ou internacionais) con delegación en Galicia as de maior tamaño segundo o seu voluntariado. Deste xeito, con máis de 100 persoas voluntarias sitúanse organizacións como Cooperación Internacional, Fundación Tierra de Hombres Galicia ou Oxfam Intermón. Con todo, destaca tamén neste grupo a Fundación Cume que, se ben ten presenza noutros territorios do Estado, considérase unha ONGD con sede principal en Vigo (105 voluntarias e voluntarios en Galicia). Tamén cabe subliñar a importancia doutras entidades nadas en Galicia que, sen contar coa visibilidade proporcionada polas grandes organizacións, logra conformar equipos de voluntariado notables en canto ao tamaño como, por exemplo, o caso de AGARESO con 68 persoas ou o de Ecos do Sur con 40.



XÉNERO NO TRABALLO DAS ONGD

A maior implicación das mulleres na construción dun mundo socialmente máis xusto é un dato innegable ao analizar a composición das ONGD galegas, considérandose a súa participación activa un factor imprescindible para o funcionamento cotián das organizacións.

O 62 % das persoas socias son mulleres e o 70 % do voluntariado tamén son mulleres. En 2021 houbo un total de 15 865 mulleres que fixeron posible chegar a acadar os logros das ONGD.

RECURSOS HUMANOS

06

En 2021, **o 83 % das ONGD participantes no estudo contaban con algunha persoa contratada**, chegando a traballar nestas organizacións un total de **136 persoas**. O resto desenvolveu o seu labor ben coa implicación e participación das persoas voluntarias e socias, ben con persoal da entidade contratado noutras delegacións de fóra de Galicia.

En comparación co 2018 **percíbese un lixeiro incremento do persoal laboral (do 30 %)**, algo que pode estar relacionado co aumento nos orzamentos dos proxectos (do 67 %). Non obstante, os postos analizados non son os orientados de xeito exclusivo á cooperación internacional e acción humanitaria. Como se indica anteriormente, as ONGD contan con outras áreas de intervención como son a EDCG e a acción social, sendo esta última a que ten un maior peso en canto a persoal contratado. Por exemplo, Ecos do Sur, a organización con máis persoas contratadas, non conta con proxectos de cooperación no exterior xa que o seu ámbito de actuación fundamental é a acción social en Galicia (polo que os perfís maioritarios son os relacionados coa orientación laboral, a asesoría xurídica, o traballo social...). Tamén en Médicos do Mundo e Movemento pola Paz, seguintes en canto ao número de persoas contratadas, o peso da acción social é notable.

PERFIL DOS POSTOS DE TRABALLO

O primeiro a destacar neste apartado é que a **maior parte das persoas contratadas para executar os proxectos de cooperación internacional son persoal local vinculado ás contrapartes nos países empobrecidos**. As ONGD traballamos nos distintos países onde temos presenza sempre da man de contrapartes ou parceiros, organizacións locais de cada país que son as que, xunto coa poboación beneficiaria e titular de dereitos, decide onde deben investirse os esforzos, e son tamén quen executan realmente os proxectos. Son estas organizacións as que precisan de contar con máis persoal contratado. As ONGD galegas limitámonos a acompañar estes procesos, e polo tanto o persoal contratado en Galicia para a xestión destes proxectos é menor. Esta lóxica de traballo é estratéxica para garantir a sostenibilidade dos proxectos e o fortalecemento de capacidades a longo prazo, tamén para que todas as accións respondan á vontade última das persoas ás que se dirixen.

Neste informe só se contabiliza o persoal contratado que depende directamente das ONGD galegas e non o vinculado ás organizacións contrapartes ou parceiras. Este é un dos motivos polos que, ao analizar os postos de traballo mencionados polas ONGD, **unha gran parte están relacionados coa área de acción social que si demanda unha maior contratación en Galicia ao orientarse a traballar con poboación vulnerable galega**. Neste campo inclúense postos diversos, desde orientación laboral ou asesoría xurídica ata traballo social, educación social, persoal técnico de vivenda ou de acollida.


A segunda categoría máis mencionada (17 %) é a de coordinación ou delegación en Galicia da entidade, o que se entende como o posto de maior responsabilidade técnica das entidades,

seguida daquela relacionada coa xestión administrativa ou contable das organizacións (13 %) e do persoal técnico vinculado á liña da educación para o desenvolvemento e cidadanía global (12 %). Ademais un 17 % dos postos denomínase persoal técnico de proxectos, podendo orientarse a proxectos ben de cooperación ou acción humanitaria, ben de EDCG ou acción social.

PERFIL DAS PERSOAS CONTRATADAS

Desagregando os datos segundo sexo obsérvase que a presenza das mulleres é maioritaria, en coherencia coas cifras de participación feminina nas bases sociais das organizacións. **Así 7 de cada 10 persoas que traballan nas ONGD galegas son mulleres.**


PERSOAS CONTRATADAS NAS ONGD GALEGAS



Atendendo á idade pode afirmarse que as ONGD analizadas se caracterizan por ter equipos de traballo novos, sendo o rango maioritario o de 35 a 44 anos (o 39 %) seguido do de 45 a 54 anos (29 %) e do de 25 a 34 anos (25 %). De feito, cabe subliñar que case **7 de cada 10 persoas contratadas son menores de 45 anos.**

Desagregando os datos segundo sexo os perfís de homes e mulleres son diferentes, podendo afirmar, en termos xerais, que **a media de idade das mulleres é máis baixa ca dos homes.** Por exemplo, mentres que o 71 % das mulleres contratadas ten menos de 45 anos, tan só o 54 % dos homes se sitúa nesa franxa de idade.

PERFIL DAS PERSOAS CONTRATADAS NAS ONGD GALEGAS




Con estes datos poderíase pensar que a maior idade dos homes contratados é froito da discriminación de xénero sufrida hai anos, mesmo nas orixes das organizacións, nas súas políticas de contratación (primando os homes fronte ás mulleres). Desde hai xa varios anos a contratación feminina é superior e isto podería provocar que, pouco a pouco, as idades medias de homes e mulleres se vaian equiparando.

TIPOS DE CONTRATOS


En relación con isto, cabe subliñar que as diferenzas entre mulleres e homes en canto ás condicións laborais (tipoloxía de contratos) son lixeiramente máis favorables para elas: maior porcentaxe de mulleres con contratos indefinidos e con xornadas completas. Con todo **a temporalidade e parcialidade no sector son elevadas**, o que podería provocar certas dificultades para exercer unha carreira profesional a longo prazo no sector.

TIPOS DE CONTRATO NAS ONGD GALEGAS



O tipo de contrato maioritario en 2021 (antes da entrada en vigor da reforma laboral de 2022, que prima o contrato indefinido fronte ao temporal) entre as ONGD analizadas é o indefinido; con todo, **4 de cada 10 contratos vixentes no 2021 eran de duración temporal**, unha cifra elevada. Ademais **as xornadas parciais e reducidas supoñen practicamente a metade dos contratos**, con tan só un 53 % de persoal técnico contratado a xornada completa. Estes datos distan da media galega xa que, segundo o INE, no 2021 o 76 % das persoas asalariadas en Galicia tiñan un contrato indefinido e o 87 % dos contratos eran a xornada completa.


No sector da cooperación ao desenvolvemento os contratos dependen en gran medida dos períodos de execución dos proxectos e da obtención de fondos para os mesmos, o que fai que a temporalidade sexa moito máis pronunciada ca no conxunto do mercado laboral. **Isto podería influír, en maior ou menor medida, no feito de que tan só 3 de cada 10 persoas contratadas sexan maiores de 45 anos e, tamén, na diminución de mulleres a medida que avanza as franxas de idade** debido á dificultade de lograr unha estabilidade laboral no longo prazo. Ademais, hai que ter en conta tamén que as responsabilidades vinculadas aos coidados e á reprodución desempeñadas fundamentalmente polas mulleres son máis fortes a partir dos 45 anos, o que podería levar a pensar que o tipo de traballo e as condicións laborais do sector non permiten compatibilizar a vida persoal e laboral (ou que, chegada unha idade, penaliza en maior medida ás mulleres fronte aos homes). **A mellora das condicións laborais nas ONGD é un tema que precisa de atención no curto e medio prazo, debéndose traballar internamente na procura de solucións que fagan deste un sector no que se poidan desenvolver carreiras profesionais de longo percorrido.**



TAMAÑO DOS EQUIPOS

Por último, se ben a media de persoas contratadas por ONGD é de 5, os datos segundo entidade son moi dispares. **A maioría (o 39 %) teñen un equipo técnico de 2 a 4 persoas e séguenlles ás entidades que contan cunha única persoa contratada (o 29 %).** Neste grupo entran entidades como a Fundación FABRE e a Fundación SEMG Solidaria cunha única persoa contratada ou Farmacéuticos Mundi e a Fundación Taller de Solidaridad con 3 persoas.

TAMAÑO DAS ONGD SEGUNDO AS PERSOAS CONTRATADAS



Entre as ONGD de maior tamaño están organizacións con implantación a nivel estatal como Médicos do Mundo (con 13) e entidades cuxa área de actuación prioritaria é a de acción social (que precisa dunha maior inversión en recursos humanos) como Ecos do Sur (con 36) e Movemento pola Paz (con 10). Pero tamén destacan neste grupo organizacións galegas que apostan pola cooperación exterior e mais pola EDCG, como AGARESO (con 9) e Solidariedade Internacional de Galicia (con 8).




XÉNERO NO TRABALLO DAS ONGD

*Os cadros de persoal das ONGD tamén se atopan fortemente feminizados, ao ser **7 de cada 10 persoas contratadas mulleres**. Non pode afirmarse que isto sexa algo específico do sector da cooperación, xa que garda coherencia coa tradicional feminización laboral da área social como consecuencia dos estereotipos que o sistema patriarcal asigna a mulleres e homes. De feito, moitos dos postos existentes nas ONGD analizadas están vinculados con áreas de coñecemento tradicionalmente femininas como educación social, traballo social, psicoloxía...*

APORTES DE LA COMUNIDAD EDUCATIVA	NECESIDADES EXTERNAS.	ARTICULACION
Intercambio de IDEAS		
Palos hojas	Palana lastrillo Pices	especies forestales para construir
Materia Orgánica.	Plástico Saco Barrete	
Selección de semillas	Muchala de fumigación MAYA	los por grupo
Siembra en bolsa	Papelotes	ente el proceso de vivero
Mano de obra	Plumones Corrador	
Siembra	Cartolinas Cinta naquiste Soma	proceso de preparación orgánica embolsamiento distribuciones de cada embolsa-
P.S.	Realizan trabajos en equipo respetando equidad genero	
L.1.	Produce texto sobre el proceso de preparación de materia.	

OS EQUIPOS DIRECTIVOS NAS ONGD GALEGAS




07

QUEN DIRIXE OS EQUIPOS TÉCNICOS

Das organizacións analizadas, 22 contan con persoal contratado con cargos como dirección ou coordinación, sendo **o 64 % destas persoas mulleres**. Polo tanto, obsérvase certo **equilibrio segundo sexo na contratación de persoas con responsabilidade técnica e o perfil maioritariamente feminino do persoal contratado**

PERSOAS CONTRATADAS CON RESPONSABILIDADE TÉCNICA NAS ONGD GALEGAS




QUEN OCUPA O CARGO DE MÁXIMA REPRESENTACIÓN NAS XUNTAS DIRECTIVAS

As ONGD contan cunha persoa que ostente a máxima representación da entidade en Galicia, cargo que pode estar desempeñado polo voluntariado ou, nalgún caso, por persoal contratado. No caso das organizacións constituídas en asociación, a súa asemblea escolle á xunta directiva, na que existe o cargo de presidencia. Nas fundacións, é o seu padroado quen elixe a persoa que representa a entidade no territorio, quen pode formar parte do padroado ou ser á persoa delegada ou responsable da sede da entidade en Galicia.

Das 35 persoas que representan as ONGD que participan no estudo **o 54 % son mulleres, porcentaxe que experimenta un lixeiro aumento desde o ano 2012, cando os homes eran maioría neste cargos**.

EVOLUCIÓN DA PRESENZA DE MULLERES NOS CARGOS DE MÁXIMA RESPONSABILIDADE NAS ONGD GALEGAS



Aínda que pareza que actualmente existe equidade nos órganos de máxima representación, se se ten en conta a base social das ONGD (nas que a presenza das mulleres é maioritaria) a perspectiva muda. Como xa se mencionou, o 62 % das persoas socias son mulleres, igual ca o 70 % do seu voluntariado. Ademais, o 71 % do persoal contratado tamén é muller. Polo tanto, **pódese falar dun sector altamente feminizado en todos os ámbitos das ONGD agás nos cargos de máxima representación, o que amosa unha fenda de xénero á que prestar atención e que se debe reverter.** Con todo, o aumento dun 10 % de mulleres nestes postos en 10 anos apunta a unha tendencia positiva de avance paulatino, aínda que excesivamente lento, cara á equidade na propia organización interna das ONGD.



XÉNERO NO TRABALLO DAS ONGD

Mentres as mulleres son maioría en todas as esferas internas das ONGD analizadas, tan só o 54 % das persoas que ostentan a máxima representación da entidade en Galicia son mulleres. Con todo, esta porcentaxe experimentou un lixeiro aumento -aínda que insuficiente- desde o ano 2012, cando tan só o 44 % eran mulleres.


A group of indigenous women, dressed in traditional colorful patterned blouses and headbands, are working in a forest. They are bent over, planting young green seedlings into the reddish-brown soil. The background is filled with dense green trees and foliage. The scene is captured in a photograph with a slightly desaturated, vintage feel.

FONDOS RECIBIDOS

08

No ano 2020 **as ONGD ingresaron un total de 14,3 millóns de euros, os cales proceden case a partes iguais de fondos públicos (48 %) e privados (52 %)**. En comparanza cos últimos datos dispoñibles, de 2016, experimentouse **un incremento do 33 % no total de recursos económicos** como consecuencia fundamental do aumento de fondos providos das administracións públicas (os cales se incrementaron un 77 % nestes catro anos).

EVOLUCIÓN DOS FONDOS OBTIDOS POLAS ONGD GALEGAS, 2016-2020



Este aumento de fondos públicos dos últimos anos leva a que **o 60 % das ONGD analizadas dependese en maior medida deste tipo de canle de financiamento fronte ao 40 % que dependeu dos ingresos do eido privado** (cifras que en 2016 era do 43 % e 57 % respectivamente).

ORIXE DOS FONDOS

Atendendo ás fontes de financiación das ONGD evidénciase a existencia de **dous grupos polarizados en función da orixe dos recursos**. Por un lado, **as ONGD que contan con ingresos procedentes fundamentalmente do ámbito privado**, e por outro aquelas que dependen en gran medida das administracións públicas. As que posúen maior independencia económica foron, sobre todo, **grandes entidades con presenza a nivel estatal (e ata internacional) e cunha base social moi ampla que, coas súas achegas, financiaron máis do 80 % do orzamento da organización**. Este grupo representa o 37 % do total de ONGD analizadas e inclúese, por exemplo, a OXFAM Intermón, Fundación EDUCO, Fundación Vicente Ferrer, Axuda en Acción ou Mans Unidas, xustamente as 5 ONGD de maior tamaño segundo o seu número de persoas socias (desde as 2.189 de Mans Unidas ata as 4.304 de Axuda en Acción).

As ONGD cunha forte dependencia económica das administracións públicas supuxeron case o 40 % do total de entidades analizadas. Mentres que cos datos de 2016 eran 3 de cada 10 as organizacións que ingresaban máis dos 80 % dos seus fondos a través de canles públicas, en 2020 foron xa 4 de cada 10. Algúns exemplos deste grupo serían a Fundación InteRed, Enxeñería Sen Fronteiras, Fundación Taller de Solidariedad ou Arquitectura Sen Fronteiras.

Se ampliamos a franxa de porcentaxes, obsérvase que en case 6 de cada 10 ONGD galegas analizadas a porcentaxe de financiación pública superou o 60 % do seu orzamento total, o cal tamén implica certo grao de dependencia.

Neste grupo de ONGD que teñen máis dependencia da financiación pública atopamos, ONGD medianas e pequenas como Taller de Solidaridad, AGARESO, Arquitectura Sen Fronteiras ou Enxeñería sen Fronteiras

Estes datos amosan a importancia dos fondos públicos para o funcionamento e o traballo das ONGD pequenas e medianas, aquelas con menos capacidade de poñer en marcha grandes campañas de captación de fondos ou persoas socias.


Obsérvase tamén que en 2020 houbo un grupo de organizacións nas que a totalidade dos seus ingresos procederon do eido privado, normalmente pequenas organizacións sen case persoal contratado nin proxectos no exterior cuxo orzamento provén das achegas das persoas socias (entre 50 e 200 persoas). É o caso, por exemplo, da ONGD Mi Perú, Asociación SÓLIDA ou Amigos ESCAES Perú.

DEBULLANDO A ORIXE DOS FONDOS

A continuación preséntase o volume total de fondos tendo en conta a orixe dos mesmos. En relación á canle de financiamento privado o dato a destacar é que **8 de cada 10 euros recadados foron a través de persoas particulares.**

Resulta interesante resaltar que a maior variación porcentual experimentada segundo a orixe dos fondos privados foi na prestación de servizos, ao aumentar un 368 % nestes catro anos. Hai ONGD que desde hai anos están experimentando unha gran profesionalización no seu traballo, o que fai que poidan ofertar servizos de calidade (de consultoría ou de formación, por exemplo) no sector privado. É o caso, por exemplo, da Asociación Amigos da Terra, na que o 91 % dos seus ingresos por fondos privados proviñeron da prestación de servizos, ou de AGARESO, na que esa porcentaxe chegou ao 40 %.

EVOLUCIÓN DOS FONDOS PRIVADOS OBTIDOS POLAS ONGD GALEGA



En relación ao ingreso de fondos a través de canles públicas, desde o 2016 ata o 2020 percíbese un **incremento notable do peso da Xunta de Galicia como principal financeira pública das ONGD galegas**. En 2020, **3 de cada 4 euros recadados polas organizacións a través das administracións públicas procedía do goberno autonómico galego** (representando o 35 % do total de ingresos rexistrados nese ano, fronte ao 21 % que acadaba no 2016). Isto enténdese polo aumento dos fondos desta administración á súa política de cooperación exterior e ao desenvolvemento durante este período. Mentres no 2016 o orzamento da Xunta de Galicia para este eido foi de algo máis de 4 millóns de euros, en 2020 esta cifra ascendeu a algo máis de 6,5 millóns¹³.


13. Segundo os informes anuais publicados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
[Preme aquí >](#)

Non obstante, cómpre subliñar que este crecemento, **esta recuperación da axuda oficial ao desenvolvemento galega, é menor ao ritmo de crecemento medio do resto de comunidades autónomas**, pois en 2021 a Xunta de Galicia destinou o 0,06 % do seu orzamento total consolidado á axuda oficial ao desenvolvemento, fronte ao 0,12 % da media autonómica¹⁴.

Á Xunta de Galicia séguelle a administración xeral do Estado cun 19 % (cun incremento tamén importante no período analizado) **e as administracións locais galegas cun 6 %** (mantendo unha tendencia ao estancamento). Sendo conscientes de que a política pública local de cooperación ao desenvolvemento que desenvolven os entes locais galegos é débil, especialmente ao comparala coa doutros territorios do Estado, dende hai uns anos percíbese que algunhas administracións locais están traballando para mudar esta situación. É o caso, por exemplo, do Concello de Lugo, da Deputación da Coruña, do propio Fondo Galego de Cooperación e, máis recentemente, do Concello de Vigo ou a Deputación de Pontevedra.

Pola contra, os ingresos a través de administracións públicas de fóra de Galicia redúcense considerablemente desde 2016, representado en 2020 pouco máis do 2 % do total. Isto podería ter relación co aumento de recursos da administración autonómica e do Estado, o que fai que as ONGD non teñan a necesidade de captar fondos noutras administracións máis afastadas.

EVOLUCIÓN DOS FONDOS PÚBLICOS OBTIDOS POLAS ONGD GALEGA




14. Cifras extraídas do informe Cooperación autonómica: análises de los presupuestos autonómicos 2021 da Coordinadora de ONG para el Desarrollo-España. Dispoñible en: [Preme aquí >](#)

FINALIDADE DOS FONDOS PÚBLICOS


Nesta ocasión solicitóuselles ás ONGD participantes que desagregasen os ingresos das administracións públicas en relación ao obxecto ou finalidade dos mesmos, establecendo catro categorías en función do labor fundamental das organizacións. Como xa se explica ao longo deste informe, estas categorías son catro: cooperación exterior, acción humanitaria, EDCG e acción social.

FINALIDADE DOS FONDOS PÚBLICOS OBTIDOS POLAS ONGD GALEGAS



En termos xerais, **a finalidade prioritaria dos fondos públicos obtidos polas organizacións é a cooperación exterior: algo máis da metade destes recursos destináronse a desenvolver accións de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos.** A esta séguelle a acción social como segunda área prioritaria das ONGD galegas. Pola contra, os proxectos de EDCG e acción humanitaria son minoritarios nesta análise, representando en 2020 o 9 % e o 7 % respectivamente da totalidade de ingresos procedentes das administración públicas.

FINALIDADE DOS FONDOS PÚBLICOS OBTIDOS POLAS ONGD GALEGAS DAS TRES ADMINISTRACIÓNS PRIORITARIAS



Nesta dicotomía cooperación exterior – acción social, cómpre subliñar o feito de que o 60 % dos fondos obtidos da Xunta de Galicia tiñan como finalidade proxectos no exterior, mentres o 60 % dos obtidos a través da administración xeral do Estado se orientaron á acción social. Tamén resulta interesante destacar que a finalidade maioritaria dos fondos procedentes dos entes locais (concellos e deputacións) galegos foi a acción social, seguida da cooperación exterior.

GRAZAS ÁS ONGD QUE PARTICIPARON NO INFORME

- Asemblea de Cooperación Pola Paz
- Ecodesarrollo Gaia ONG
- ONGD Mi Perú
- AGARESO (Asociación ONG de Cooperación ao Desenvolvemento Galega de Reporteiros Solidarios)
- Solidariedade Galega
- Tierra de hombres
- Oxfam Intermón
- Cooperación Internacional
- Amigos da Terra
- Arquitectura sen Fronteiras
- InteRed
- SEMG Solidaria
- Semilla para el Cambio
- Taller de Solidaridad
- Solidariedade Internacional de Galicia
- FABRE
- Balms para la infancia
- Manos Unidas
- Ecos do Sur
- Ayuda en Acción Galicia
- Educo
- Entreculturas Fe y Alegría
- FISC- Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María
- Farmaceuticos Mundi
- Amigos ESCAES -Perú
- Proyde, Promoción y Desarrollo
- Sólida
- AIDA - Ayuda, Intercambio y Desarrollo
- Fundación Vicente Ferrer
- Fundación Cume
- Concordia y Libertad
- Médicos del Mundo
- SED Solidaridad, Educación e Desenvolvemento
- Enxeñería Sen Fronteiras
- Movimiento por la Paz



O TRABALLO DAS ONGD GALEGAS NO MUNDO

informe

2022

COORDINADORA GALEGA DE ONGD